

D I T A M E

Ditame
4/08

sobre o anteproxecto de
Lei de servizos sociais
de Galicia



A P R O B A D O P O L O P L E N O O 1 9 D E X U Ñ O



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

ANTECEDENTES

1.- En data 19 de maio de 2008 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame polo trámite de urxencia, o anteproxecto de lei de servizos sociais de Galicia.

2.- O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 2: *Sector público e benestar social*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

3.- O día 19 de maio, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 2 para o 26 de maio de 2008, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 25/08, acorda aprobar a proposta de ditame, con data 16 de xuño, e a remite ao presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 4/08, de 19 de xuño, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de lei de servizos sociais de Galicia.

ESTRUTURA E CONTIDO

O anteproxecto de lei sometido a ditame ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais de Galicia para a construción do sistema galego de benestar, así como posibilitar a coordinación do sistema galego de servizos sociais cos demais elementos do sistema galego de benestar e coas políticas sectoriais que incidan sectorial ou transversalmente na mellora do benestar da cidadanía galega.

O presente anteproxecto de lei estrutúrase en once títulos compostos por 95 artigos, cinco Disposicións Adicionais, dúas Disposicións Transitorias, unha Disposición Derrogatoria e tres Disposicións Derradeiras.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- A tramitación dos ditames sobre este e outros tres anteproxectos de lei, que se recibiron simultaneamente, o día 19 de maio, polo procedemento de urxencia, motiva que o CES teña que limitar as súas aportacións ás que foi posible abordar no curto prazo de tempo dispoñible. Entende o CES que este xeito de tramitación debería estar reservado para aqueles anteproxectos nos que concorran obxectivas razóns de urxencia, circunstancia que non se produce evidentemente cando se trata dunha norma, como a que agora se ditamina, que á luz das informacións recollidas nos medios de comunicación social, lévase preparando desde hai moitos meses. Segundo se ten manifestado por este consello en precedentes ditames, a tramitación urxente limita seriamente e vai en menoscabo da función consultiva que corresponde ao organismo, agravándose neste caso pola antedita solicitude de catro ditames na mesma data.

2.- Os cambios na estrutura e calidade do emprego, o avellentamento da poboación, a modificación das estruturas familiares, a mutación do rol socio-familiar das mulleres, unidos á aparición de novas problemáticas sociais aconsellan que os poderes públicos establezan novos dispositivos de intervención e deseños e estruturas funcionais, materiais e organizativas que contribúan á igualdade no acceso e uso aos recursos sociais. As situacións de dependencia que viven moitas persoas e a complexidade que comporta o seu tratamento para as familias, demandan igualmente, un marco normativo específico que dea cumprida resposta ás necesidades de atención e coidado deste colectivo.

O CES avalía positivamente a oportunidade da elaboración dun novo marco legal en materia de servizos sociais que contribúa a superar as carencias e deficiencias existentes no ámbito da asistencia e do benestar social en Galicia.

Igual consideración positiva merece a apertura dun amplo proceso de participación dos diferentes axentes sociais no procedemento de elaboración do Anteproxecto de Lei.

3.- O CES considera que para garantir a efectividade dos servizos e prestacións recoñecidos no anteproxecto de lei, que integran o Sistema Galego de servizos sociais, a niveis semellantes ao sistema de saúde ou ao sistema educativo, será necesario un compromiso financeiro por parte das Administracións Públicas competentes que, no seu respectivo ámbito de responsabilidade, permita que os dereitos recoñecidos legalmente se traduzan en dereitos reais para os galegos e galegas e non nunha mera declaración de intencións. O CES entende necesario substanciar un compromiso de esforzo financeiro público por parte das Administracións Públicas con competencias para destinar, a medio prazo, unha porcentaxe axeitada dos seus orzamentos a servizos sociais.

4.- Na páxina 5 do Preámbulo, o segundo parágrafo debería substituírse por unha nova redacción onde quede claro que este anteproxecto ven a complementar o disposto na Lei de Dependencia estatal, co obxecto de dar resposta á escasa cobertura que o actual sistema de servizos sociais ten na nosa comunidade autónoma.

Así, propónse a substitución da actual redacción pola seguinte:

“A Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, conforma o cuarto pilar do Estado de Benestar, a través do cal se fan efectivos novos dereitos universais e subxectivos en función das situacións de dependencia.

O presente Anteproxecto de Lei virá complementar as disposición lexislativas básicas da Lei de Dependencia, adecuando o actual modelo cara unha auténtica rede pública de servizos sociais como garante de cobertura das necesidades existentes na nosa Comunidade”.

5.- O CES entende que, na exposición de motivos do presente anteproxecto de lei, debería resaltarse a necesidade de acadar a igualdade de oportunidades, e a non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, entendendo que debe estar presente nun texto normativo que busca a integración dos servizos sociais e que aposta polos dereitos en igualdade da cidadanía residente en Galiza.

6.- O CES considera que, para unha maior comprensión do texto normativo, deberíanse definir conceptos como “conflito social”, así como aclarar a función e o destino do cheque-servizo.

7.- A pesares de empregar ambos xéneros na maior parte da redacción do anteproxecto, persiste algún que outro erro relacionado coa linguaxe sexista, polo que o CES recomenda unha revisión do texto para que sexan corrixidos.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

1.- O CES considera que no remate da **Exposición de Motivos** do anteproxecto, debería facer constar que o mesmo foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

2.- Artigos 3, 4, 6, 20, 21, 57, 58, 79 e 82

Nas clasificacións existentes nos artigos anteriormente citados, utilízanse as letras “j” e “k”, que non forman parte do alfabeto galego, polo que o CES solicita que se aplique a normativa vixente en materia lingüística coas seguintes modificacións nos referidos apartados.

3.- O artigo 1 da norma sometida a ditame desenvolve o obxecto da lei, constituíndo parte do mesmo, posibilitar a coordinación do sistema galego de servizos sociais cos demais elementos do sistema galego de benestar e coas políticas públicas sectoriais que incidan sectorial ou transversalmente na mellora do benestar da cidadanía galega.

Entre as medidas que poidan fomentar esa necesaria coordinación entre as diferentes áreas do sistema de benestar social o CES propón:

- A unificación da tarxeta social galega coa tarxeta do sistema galego de saúde, deixando a salvo os aspectos atinxidos pola confidencialidade
- A existencia dun único sistema informático que aglutine as diferentes áreas de benestar social co fin de evitar duplicidades, facilitar o labor de seguimento e proporcionar datos estatísticos, así como facilitar o labor á Comisión Interdepartamental de Servizos Sociais.
- Levar a cabo un rexistro informatizado en todas as unidades de servizos sociais das demandas existentes e non atendidas, especificando o por qué da negativa, co fin, entre outros, de adiantarse a novas necesidades e avaliar os recursos existentes.

4.- O apartado 1 do artigo 2 do anteproxecto de lei establece que *“para os efectos desta lei enténdese por servizos sociais o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos expresados no artigo seguinte”*.

O CES entende que no citado precepto debería engadirse unha referencia expresa ás infraestruturas.

5.- O artigo 4 do anteproxecto de lei regula os principios xerais polos que se rexerá o sistema galego de servizos sociais.

O CES considera que na **letra h)** do artigo 4 “Autonomía persoal e vida independente”, a palabra “**facilitar**” deberá cambiarse por “**facilitar os medios necesarios para**”.

Así mesmo, na **letra p)** “Avaliación e Calidade” deberá facerse mención ao sistema de criterios de acreditación de entidades e centros prestadores de servizos.

6.- O artigo 6 do anteproxecto de lei desenvolve os dereitos das persoas en relación cos servizos sociais.

A **letra j)** do **apartado 3**, reconece o dereito das persoas usuarias do Sistema galego de servizos sociais *“a recibir unha tarxeta social de carácter persoal e intransferible que a acredite como titular do dereito de acceso aos servizos sociais. Esta tarxeta terá carácter universal”*.

O CES considera que debería suprimirse deste artigo a referencia á característica universal da tarxeta social galega, gozando de mellor ubicación sistemática no propio artigo 17 do anteproxecto de lei, precepto dedicado integramente á súa regulamentación.

7.- Os artigos 8, 9 e 10 do anteproxecto de lei regulan respectivamente a estrutura básica dos servizos sociais, os servizos sociais comunitarios e os servizos sociais comunitarios básicos.

O CES considera necesario, na liña do establecido no artigo 12.2, no que se regula a ordenación territorial dos Servizos Sociais Comunitarios Específicos, que se prevea a mesma ordenación para os Servizos Comunitarios Básicos.

8.- O artigo 10 do anteproxecto de lei de servizos sociais de Galicia regula os servizos sociais comunitarios básicos.

O CES considera que, dentro dos Servizos Sociais comunitarios, debería existir un protocolo de tratamento urxente para a atención á dependencia e autonomía persoal, coa finalidade de que aquelas persoas ás que lles xurde unha situación de gran dependencia ou dependencia severa poidan ser atendidas coa celeridade precisa.

9.- O artigo 11 do anteproxecto de lei sometido a ditame establece as funcións dos servizos sociais comunitarios básicos.

O CES entende que, no artigo 11, debería incluírse un novo apartado onde se estableza que as funcións sinaladas nas letras anteriores, serán desenvolvidas regulamentariamente no que se refire aos seus elementos executivos.

10.- O artigo 13 do anteproxecto de lei regula as funcións dos servizos sociais comunitarios específicos, establecéndose, no seu **apartado b)**, como función propia dos mesmos, *“a atención directa a colectivos con déficits de autonomía ou en risco de exclusión que se desenvolvan en medio aberto, en centros de carácter non residencial ou de carácter residencial temporal”*.

O CES considera que debería clarificarse a redacción do precepto, nomeadamente a expresión *“que se desenvolvan en medio aberto”*. Así, o CES entende que no citado precepto debería engadirse a seguinte previsión: ***“a atención directa a colectivos con déficits de autonomía ou en risco de exclu-***

sión que se desenvolva a través de programas en medio aberto, en centros de carácter non residencial ou de carácter temporal”.

11.- O artigo 21 do anteproxecto de lei define e nomea as prestacións económicas que teñen esa consideración no sistema galego de servizos sociais

O CES entende que parte das axudas á atención á dependencia están neste artigo. En todo caso estima conveniente que as axudas técnicas sexan obxecto de desenvolvemento regulamentario.

12.- O artigo 24 do anteproxecto de lei de servizos sociais de Galicia define o profesional de referencia.

O CES entende moi axeitada a vocación de atención integral e carácter interdisciplinar dos servizos sociais, e valora positivamente a existencia do profesional de referencia, pero entende que a previsión normativa que se fai é escasa, polo que propón que se deixen establecidas as súas funcións, dependencia orgánica e atribucións como órgano coordinador e de control do expediente social básico, dándolle tamén atribucións para orientar os programas e actuacións referentes aos seus beneficiarios de servizos sociais.

O **apartado 3** do artigo 24 establece que o profesional de referencia responsabilizase do expediente social básico.

O CES entende que a expresión “*responsabilizase do*” deberá ser substituída por unha expresión tal como “*terá ao seu cargo o*”.

13.- O artigo 28 do anteproxecto de lei regula a iniciativa social

O CES considera que se debería cambiar a expresión, suxeita a interpretación ou discrecionalidade, “*da análise global do seu balance económico final non se deduza a obtención de beneficio*”, por “*da análise global das súas contas anuais se deduza a non obtención de beneficio*”.

14.- O artigo 29 do anteproxecto de lei de servizos sociais de Galicia regula o fomento da iniciativa social.

O CES entende que, no segundo parágrafo do citado artigo 29 debería engadirse a expresión: “(...) *concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificado, poderanse subscribir (...)*”.

15.- O Capítulo III do Título II contén unha mínima regulamentación da futura Axencia Galega de Servizos Sociais, cuxa creación se autoriza no **artigo 32** do anteproxecto de lei. A Axencia Galega de Servizos Sociais terá a natureza de entidade instrumental de dereito público, dotada de personalidade xurídica, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, e estará facultada para exercer potestades administrativas no marco do cumprimento dos programas correspondentes ás políticas públicas de servizos sociais.

O CES entende que o desenvolvemento das políticas de igualdade e benestar, na sociedade actual, pode precisar dunha organización susceptible de reaccionar fronte a necesidades urxentes e cambios imprevisibles, de xestionar os servizos sociais públicos con eficacia e eficiencia e de dar cumprida resposta ás crecentes demandas sociais, no marco dunha nova cultura baseada no cumprimento de obxectivos mensurables, avaliáveis e orientados cara á mellora das prestacións.

Agora ben, tales vantaxes, de indubidable importancia no proceso de xestión dos servizos sociais públicos (a autonomía na xestión), non poderán en modo algún supor unha merma do control e responsabilidade públicos que á Administración autonómica corresponden no marco da Constitución e do Estatuto de Autonomía. Neste senso, que o réxime xurídico da Axencia Galega de Servizos Sociais sexa integramente público, merece unha consideración positiva por parte do CES, sen prexuízo de que neste anteproxecto de lei se xustifique debidamente a creación desta axencia.

16.- O artigo 36 do anteproxecto de lei sometido a ditame deste Consello desenvolve o réxime de persoal da Axencia Galega de Servizos Sociais.

O **apartado 3** do artigo 36 sinala que a axencia poderá contratar a perso-

al en réxime de dereito laboral mediante as correspondentes probas selectivas convocadas ao efecto e nas que se garantirá o cumprimento dos principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade.

O CES considera que no remate do apartado 3 debería engadir a expresión: ***“O réxime de acceso aplicable a este persoal será o mesmo que o existente para o persoal laboral da Xunta de Galicia.”***

17.- O **artigo 38** do anteproxecto de lei regula o Consello Galego de Benestar Social, como órgano superior consultivo e de participación do Sistema galego de servizos sociais; órgano que, por prescrición da disposición adicional cuarta do texto normativo, virá a substituír ao actual Consello Galego de Servizos Sociais.

O CES entende que, no **apartado 2, letra c)** a expresión “(...) *de maior representatividade a nivel galego*”, debería substituírse pola de “(...) ***máis representativas a nivel galego***” para axustar a definición ao previsto na lexislación aplicable.

O CES entende que no **apartado 2 do artigo 38**, debería facerse referencia ás organizacións profesionais agrarias.

O CES considera que, entre as funcións que o **apartado 3** do artigo 38 citado atribúe ao Consello Galego de Benestar Social, deberían asumirse, á vista do contido da disposición adicional cuarta, as que actualmente corresponden ao Consello Galego de Servizos Sociais ex artigo 40.2 da vixente Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais de Galicia.

O **apartado 5** do artigo 38 sinala que: “*sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, cando se trate de materias que afecten ou incidan directamente no ámbito local, crearase unha Comisión na que participarán a Xunta de Galicia, as Entidades Locais, así coma aquelas entidades que puideran resultar afectadas polas materias a tratar*”.

O CES considera que se debería eliminar o nomeado apartado 5, por entender que a creación e a participación nas Comisións dentro do Consello Galego de Benestar Social, debería ser obxecto de posterior desenvolvemento regulamentario, no que tamén a participación dos axentes sociais debe recoñecerse de xeito explícito.

18.- O artigo 39 do anteproxecto de lei está dedicado ao Observatorio Galego de Servizos Sociais.

O CES entende que se debería de sinalar explicitamente a remisión a unha regulamentación posterior, na que terán que desenvolverse aspectos tan relevantes como a súa composición e funcionamento.

19.- O artigo 41 do anteproxecto de lei regula a participación cidadá e das persoas usuarias de servizos sociais nos órganos consultivos e de participación.

Tendo en conta a amplitude do sistema de servizos sociais, o CES entende que os usuarios precisarán ter a súa disposición unha figura (semellante á do vicevaledor do doente, creada na Lei de Saúde de Galicia) á cal dirixirse no caso de necesitar facer algunha achega ou reclamación derivada do sistema

O CES considera que no **apartado 1** do nomeado artigo 41 debería incluírse a expresión: “(...) *mediante o establecemento, por vía regulamentaria, de sistemas de consulta e (...)*”.

20.- O artigo 42 do anteproxecto de lei de Servizos Sociais de Galicia regula as áreas sociais dentro da planificación do Sistema Galego de Servizos Sociais.

O CES entende que non resulta comprensible o termo, nin aparece a súa posta en relación cos tipos de servizos sociais. Parecería mais indicado facer referencia a unha área básica de actuación que parta dos concellos, introducindo correccións con criterios como a poboación e mesmo previndo a lei áreas supramunicipais, para aqueles concellos demasiado pequenos, o que axudaría a evitar tamén a perigosa dispensa do art.59 da Lei.

21.- Dentro da regulación da planificación do Sistema Galego de Servizos Sociais, o **artigo 43** do anteproxecto dedícase ao Plan estratéxico de servizos sociais

Neste artigo se reconece a participación das entidades locais no proceso de elaboración do Plan. Considérase prioritario que na súa formulación se garanta, en todo caso, a participación dos Axentes Sociais, xa que é o instrumento operativo para a efectividade do dereito, determinando entre outros, recursos, programas e actuacións.

En coherencia co sinalado anteriormente, o CES entende que se debería de substituír a expresión “(...) *garantindo, en todo caso, a participación das entidades locais.*” que aparece na última liña do **apartado 1** do artigo 43 pola de “(...) *garantindo, en todo caso, a participación das entidades representadas no Consello Galego de Benestar Social.*”

22.- O **artigo 56** do anteproxecto de lei establece os criterios xerais en canto á distribución de competencias.

O CES entende que no **apartado 3** do artigo 56 debería substituírse a expresión “*poderá adoptar*” por “*adoptará*”.

23.- O **artigo 63** do Anteproxecto de Lei procede á creación da Comisión Interdepartamental de servizos sociais, que se configura como órgano de coordinación das actuacións dos diferentes ámbitos da Administración Autonómica de Galicia que incidan na mellora do benestar da cidadanía galega.

As súas funcións, por prescrición do apartado segundo do precepto citado, serán as de garantir o intercambio de información, a coherencia e complementariedade das actividades dos departamentos da Xunta de Galicia nos ámbitos do Benestar, informar o plan estratéxico de servizos sociais, así como os plans e programas que desenvolvan o mesmo, ademais de calquera outra función que lle veña atribuída mediante disposición legal ou regulamentaria.

Á vista do carácter interdepartamental da súa composición e do xenérico ámbito funcional, o CES considera que este novo órgano, aos efectos de evitar a proliferación de estruturas organizativas cunha funcionalidade similar, podería asumir as funcións que actualmente corresponden á Comisión Interdepartamental de Loita contra a Pobreza, creada pola Lei 9/1991, de 2 de outubro, de medidas básicas para a inserción social e regulada nos seus artigos 53 a 55.

Así, a Comisión interdepartamental creada no presente anteproxecto de lei, podería mudar a súa denominación e ámbito funcional, configurándose como unha Comisión interdepartamental para o benestar e inclusión social. Neste escenario, o anteproxecto de lei de servizos sociais de Galicia debería contemplar os mecanismos necesarios para a integración da Comisión interdepartamental de Loita contra a pobreza nesta nova estrutura organizativa, procedendo igualmente a derrogar os preceptos da Lei 9/1991, de 2 de outubro, relativos á mesma.

24.- A Disposición Adicional Segunda do anteproxecto de lei regula o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Se para facer efectiva a coordinación e cooperación cos concellos para asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente na creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos, a Xunta de Galicia promoverá fórmulas de cooperación interadministrativa de natureza consorcial, como así reconece no artigo 62 de Colaboración interadministrativa, o CES considera que resulta moi limitada a regulación que neste anteproxecto de lei se realiza do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Ademais, o CES entende que neste consorcio é imprescindible que se recolla a participación dos axentes sociais, fundamentalmente porque o Consorcio atenderá a criterios de calidade nas prestacións e no emprego.

25.- A Disposición Adicional Quinta do anteproxecto de lei regula o sentido do silencio administrativo no procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia.

O CES considera que nos procedementos de recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia, unha vez transcorrido o prazo regrado de seis meses sen que recaia resolución expresa, a solicitude debe entenderse estimada. Por isto o CES entende que a Disposición Adicional Quinta debe modificarse neste sentido.

26.- O CES considera que se deberían de engadir como Disposicións Adicionais as seguintes:

1ª- Unha disposición na que se concrete o compromiso temporal da creación da Comisión Interdepartamental de Servizos Sociais; dado que un dos aspectos máis necesarios e relevantes en materia de Servizos Sociais é o da coordinación do Sistema Galego de Servizos Sociais cos demais departamentos con competencias en materia de benestar e cohesión social.

Sendo a citada Comisión o instrumento principal para levar a cabo a citada coordinación, parece razoable que se estableza un mínimo compromiso temporal da súa constitución.

2ª- Do mesmo xeito debería concretarse o compromiso temporal de constitución da Mesa Galega de Servizos Sociais que neste anteproxecto se habilita.

3ª- Debería contemplarse un prazo para o desenvolvemento regulamentario da figura das persoas coidadores non profesionais, incluíndo un Plan público de formación específica en materia de atención á dependencia.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2008

Vº e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martínez

Asdo.: Eliseo Sastre Serrano

VOTOS PARTICULARES

Voto particular que presenta a Confederación de Empresarios de Galicia

Os conselleiros do Grupo Segundo, integrado polos representantes da Confederación de Empresarios de Galicia, queren manifestar algunhas consideracións que na súa opinión deberon ser tidas en conta no Ditame aprobado polo Consello Económico e Social de Galicia na sesión ordinaria do Pleno celebrada o 19 de xuño de 2008 sobre o anteproxecto de lei.

O anteproxecto de lei ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais de Galicia para a construción do sistema galego de benestar, así como posibilitar a coordinación do sistema galego de servizos sociais cos demais elementos do sistema galego de benestar e coas políticas sectoriais que incidan sectorial ou transversalmente na mellora do benestar da cidadanía galega.

En opinión do Grupo Segundo, a exposición de motivos do anteproxecto debería limitarse a xustificar a necesidade e a oportunidade da nova regulación, facendo mención ás normas precedentes, fuxindo de xuízos de valor e sociolóxicos (v. gr. a referencia á globalización capitalista) que non son propios dunha exposición de motivos.

Ademais disto, fanse a continuación outras consideración de índole particular, que, en opinión da Confederación de Empresarios de Galicia, deberan incorporarse ao texto do Ditame:

1. Proponse a seguinte redacción ao **apartado c) do artigo 4**:

c) Responsabilidade pública: Os poderes públicos garantirán a dispoñibilidade de servizos sociais públicos mediante a regulación e achega dos medios humanos, técnicos e financeiros e dos centros necesarios.

Igualmente, dentro da planificación xeral dos servizos sociais, os poderes públicos regularán, fomentarán e supervisarán os demais servizos dos que sexan titulares as entidades privadas de iniciativa social. Así mesmo, as enti-

*dades privadas de carácter mercantil **complementarán** a rede de recursos de titularidade pública, colaborando coa prestación dos servizos sociais, **para poder aumentar o nivel de prestacións e poder chegar a todos os cidadáns.***

A redacción proposta no anteproxecto, que establece que “...as entidades privadas de carácter mercantil poderán complementar...”, deixa que, segundo a situación existente en cada momento, se poida participar ou non.

En opinión do Grupo Segundo, considérase necesario reforzar a redacción, de forma que se asegure a participación das entidades privadas de carácter mercantil na rede de recursos de titularidade pública de servizos sociais e como entidades colaboradoras da Administración para poder atender as necesidades dos cidadáns nesta materia.

O sector privado, que crea un importante valor engadido e un relevante número de postos de traballo na nosa Comunidade Autónoma, debe ter un recoñecemento máis explícito na actividade de colaboración e complemento á propia Administración, que non poderá chegar a atender todas as necesidades por si soa.

2. Proponse a seguinte redacción para o apartado 3 h) do artigo 6.

Neste precepto, o anteproxecto regula o dereito dos usuarios ou usuarias dos servizos sociais “***a elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e das opcións que lle sexan presentadas, tras a valoración técnica do seu caso, ou do tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso***”.

Este Grupo Segundo considera que se debería recoller no articulado a garantía de que as opcións presentadas ao usuario/a o serán a través dun procedemento áxil e obxectivo, que teña en consideración a iniciativa privada, incluída a mercantil, fuxindo da aplicación de conceptos xurídicos indeterminados e subxectivos na presentación de ofertas aos cidadáns.

3. O artigo 20 do anteproxecto de lei regula os servizos e actuacións de natureza material ou tecnolóxica, sinalando no seu apartado 2 cales terán a natureza de esenciais.

Na opinión deste Grupo Segundo, debería incluírse tamén como servizo esencial o apartado g), referido á manutención, por canto supón unha protección directa da persoa.

O feito de ter carácter esencial ou normalizador (art. 18. 2º) supón que as prestacións cualificadas de esenciais se configuran como dereitos esixibles e estarán garantidas a todas as persoas; no caso de ser unha prestación normalizadora, estarán incluídas na oferta habitual en función das disponibilidades orzamentarias

4. Proponse a seguinte redacción para o apartado 1 do artigo 26.

*1. As administracións públicas promoverán a calidade no emprego e a estabilidade laboral dos profesionais de servizos sociais, evitando situacións de precariedade, como medio de lograr a calidade e permanencia da oferta pública de servizos sociais. **Velarán especialmente para que na contratación pública se teña especial consideración polo cumprimento do marco normativo xurídico-laboral.***

A promoción da calidade no emprego por parte da Administración leva consigo necesariamente que existan uns controis por parte da Administración, controis que en ningún caso deben coartar a liberdade de mercado, pero que si teñen que incidir no cumprimento do marco normativo vixente, pois o contrario distorsiona o libre mercado cunha indesexable competencia desleal, que pode ocasionar que os servizos sociais se presten por entidades que non reúnan os estándares de calidade que require o sistema e os cidadáns galegos.

5. Dentro do capítulo dedicado á participación da iniciativa social e de entidades privadas de carácter mercantil na prestación dos servizos sociais, o artigo 31 regula o fomento de previsións de índole social na contratación pública.

Este precepto debería harmonizarse na súa redacción á vixente Lei de contratos do sector público, nun dobre sentido:

- Primeiro, eliminando a preferencia das entidades sen ánimo de lucro regulada no parágrafo 3, por non garantir a elección das mellores propostas

de acordo co contido do contrato, podéndolle producir un evidente prexuízo tanto á Administración pública coma aos propios usuarios/as.

- En segundo lugar, compasando a súa redacción ao texto do art. 134 da Lei 30/2007 de contratos do sector público, que sinala que:

“Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa, deberá atenderse a criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, tales como a calidade, o prezo, a fórmula utilizable para revisar as retribucións ligadas á utilización da obra ou á prestación do servizo, o prazo de execución ou entrega da prestación, o custo de utilización, as características medioambientais ou vinculadas coa satisfacción de esixencias sociais que respondan a necesidades, definidas nas especificacións do contrato, propias das categorías de poboación especialmente desfavorecidas ás que pertencen os usuarios ou beneficiarios das prestacións que contratar, a rendibilidade, o valor técnico, as características estéticas ou funcionais, a dispoñibilidade e custo dos repostos, o mantemento, a asistencia técnica, o servizo posventa ou outros semellantes. Cando só se utilice un criterio de adxudicación, este ha de ser, necesariamente, o do prezo máis baixo”.

6. O artigo 55 do anteproxecto de lei regula a participación das entidades privadas no financiamento dos servizos sociais. Sinálase no seu **apartado 2** que regulamentariamente se desenvolverán actuacións que posibiliten o patrocinio e o exercicio da responsabilidade social corporativa das entidades privadas para o desenvolvemento dos servizos sociais de Galicia.

En opinión deste Grupo Segundo, este precepto debería recoller expresamente o **carácter voluntario** destas actividades de patrocinio ou de RSC, na liña establecida no Libro Verde da Comunicación da Comisión Europea (Comunicación relativa á responsabilidade social das empresas: unha contribución empresarial ao desenvolvemento sostible).

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2008

Voto particular do Sindicato Labrego Galego

PRIMEIRO.-

O SLG entende que a referencia que se fai no **artigo 4,n)** aos principios de “*economía, eficacia e eficiencia*” debe facerse deixando constancia expresa da primacía do principio de interese xeral ou público, de xeito que si se explicita a vixencia destes tres principios, debe falarse do sometemento dos mesmos ao “*interese xeral ou público*”.

Isto é así porque consideramos que aplicar este tres principios sen outras consideracións, ou sen introducir certos matices, pode levar a situacións inxustas no ámbito dos servizos sociais, en perxuizo de colectivos desfavorecidos.

SEGUNDO.-

O S.L.G. entende que as sancións previstas, no **artigo 81**, para as infraccións graves e moi graves semellan en boa parte dos casos livianas, tendo presentes as materias nas que inciden as condutas que se describe, e os bens en xogo: por exemplo, a saúde das persoas.